

María Canosa: "Con este libro quero mostrar que hai moitos usos nas redes, non todos malos nin bos"

María Canosa (Cee, 1978) explora na súa última novela, *Dipnoi* (Xerais), como as redes poden chegar a afectar a comunicación nas relacións adolescentes. O libro afonda na identidade, nas sospeitas, nos prexuízos e no poder das palabras que se din e que se calan, tanto para salvar como para ferir.

Sergio Casal 30 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/maria-canosa/20260130221934245858.html>

— Que lle interesaba explorar en *Dipnoi* sobre todo o que non se di na adolescencia?

O libro é unha pequena análise da sociedade máis nova. Como están tan afeitados e afeitados a comunicarse a través dos teléfonos e das redes sociais, cunha pantalla de por medio, que despois lles resulta complicado mirarse en fite e dicir as cousas. Por outra banda, tamén fala sobre como se están modificando as relacións: o difícil que parece comunicar aos nosos o que sentimos mentres en internet soltamos o primeiro que se nos pasa pola cabeza sobre nós. Isto pasa tamén grazas a esa sorte de coiraza que ofrecen as redes sociais. De todos os xeitos, hai que ensinar tanto os pros como os contras deste tipo de comunicación, porque tamén hai cousas boas na rede.

— Esa rede aparece como un espazo de verdade emocional fronte á vida presencial: é un refuxio ou un xeito de enmascarar identidades e emocións?

Pola mesma coiraza que un se pode poñer na rede, como un pseudónimo que ninguén ten por que coñecer, si que somos capaces de dicir todo aquilo que tememos dicir na realidade. Pensamos que é un lugar ao mellor máis diverso. Dun xeito ou doutro, xente que ten certos medos, debilidades ou preocupacións é quen de poñelas aí porque é un universo no que non temos cara. É certo que así parece máis sinxelo poder amosar a nosa identidade, pero porque non a ensinamos ao completo. É un pouco unha confrontación, que tamén podería ser un primeiro paso para atopar apoios.

— Por que segue habendo medo a emocións como a tenrura, especialmente na adolescencia?

A adolescencia é unha época na que todo se vive con moitísima intensidade, tanto o que facemos nós como o que percibimos. Quizais nas redes sentimos a protección de ter unha pantalla de por medio, algo que pode pasar noutros ámbitos da vida. A intención do libro é que se vexa que hai moitas posibilidades e usos nas redes, non todos malos nin todos bos. O que quero que quede

claro é que non quero demonizar as redes sociais. No libro expoño como poden ser as relacións a través da rede e de feito hai algunha sorpresa.

—Que papel xogan as palabras que se din e que se calan na construción da identidade dos personaxes?

É unha novela na que a palabra di moitísimo. Eles tamén reflexionan sobre o que din e o que calan. Tamén é unha novela na que todo xira arredor das sospeitas: que será, que non será, gustaralle aos meus amigos o que poño en internet, que pensarían de min... Alguén solta as súas palabras na rede e está pensando que dirán os demais se chegan a ver esas palabras e as asocian a esa persoa. As palabras non son máis que a constatación do que se pensa, pero ás veces é necesario constatalas.

—Se *Dipnoi* tivese que deixar unha única pregunta nas persoas lectoras, cal lle gustaría que fose?

Máis que unha pregunta, sería unha reflexión, e é que todos temos unha responsabilidade na sociedade. Co noso comportamento, co que dicimos, co que pensamos, con como actuamos. Todo conta. A cuestión é que podo facer eu por achegar á sociedade neste momento no que estamos vivindo.